

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: IES PEDRAS RUBIAS

CURSO: 4º ESO

MATERIA: Lingua Castelá e Literatura.

DEPARTAMENTO: Lingua Castelá e Literatura.

DATA: 16/05/2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprender, interpretar e valorar textos orais propios do ámbito persoal, educativo ou escolar, e social, narrativos, descritivos, argumentativos, expositivos.	1.1 Comprende o sentido global de texto orais propios dos ámbitos persoal, educativo e laboral, narrativos, descritivos, argumentativos e expositivos identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do falante. 1.2 Retén información relevante e extrae e informacións concretas. 1.3 Segue e interpreta instrucións orais. 1.4 Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, busca en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.) 1.5 Resume textos narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lóxicamente e semanticamente
Aplicar os coñecementos sobre a lingua para resolver problemas de comprensión e expresión en textos orais e escritos..	2.1 Revisa os seus discursos orais e escritos aplicando correctamente as normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social para obter unha comunicación eficiente.
Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo.	3.1 Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.

	3.2 Coñece, valora e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral.
Aplicar diferentes estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos.	4.1 Comprende textos de diversa índole pondo en práctica diferentes estratexias de lectura. 4.2 Localiza, relaciona e secuenciamos as informacións explícitas dos textos. 4.3 Infírese a información relevante dos textos. 4.4 Constrúe o significado global dun texto ou de frases de texto. 4.5 Fai conexión entre un texto e o seu contexto. 4.6 Comprende o significado de palabras propias do nivel culto da lingua.
Ler, comprender, interpretar e valorar textos escritos en diferentes formatos e soportes	5.1 Recoñece e expresa o tema, as ideas principais e a intención comunicativa de textos escritos propios do ámbito persoal e familiar, educativo ou escolar, e social, identificando a tipoloxía textual seleccionada, a organización do contido, as marcas lingüísticas e o formato utilizado. 5.2 Recoñece e expresa o tema e a intención comunicativa de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados identificando a tipoloxía textual seleccionada, as marcas lingüísticas e a organización do contido.
Seleccionar os coñecementos que se obteñan das bibliotecas ou de calquera outra fonte de información impresa en papel ou dixital.	6.1 Utiliza de forma autónoma diferentes fontes de información, e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.

	<p>6.2 Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital.</p> <p>6.3 Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais) e de bibliotecas dixitais.</p>
<p>Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.</p>	<p>7.1 Revisa o texto en varias fases para aclarar problemas no contido ou na forma e avalía a súa propia produción escrita.</p> <p>7.2 Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais)</p> <p>7.3 Redacta borradores de escritura.</p> <p>7.4 Redacta con claridade e corrección textos propios dos ámbitos persoal, educativo, social e laboral.</p> <p>7.5 Redacta con claridade textos narrativos, descritivos, instrutivos, <i>expositivos</i> e argumentativos.</p> <p>7.6 Utiliza variados organizadores textuais nos seus textos.</p> <p>7.7 Resume o contido de calquera tipo de texto.</p> <p>7.8 Realiza esquemas e mapas conceptuais.</p>
<p>Recoñecer e explicar os valores expresivos que adquiren determinadas categorías gramaticais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen</p>	<p>8.1 Explica os valores expresivos que adquiren algúns adxectivos, determinantes , pronomes e verbos en relación coa intención comunicativo do texto onde aparecen.</p>

<p>Identificar os niveis de significado de palabras e expresións en función da intención comunicativa.</p>	<p>9.1 Explica todos os valores expresivos das palabras.</p> <p>9.2 Explica con precisión o significado de palabras e usa a acepción adecuada en relación co contexto.</p>
<p>Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso.</p>	<p>10.1 Recoñece, usa e explica os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna valorando a súa función na organización do contido do texto</p>
<p>Explicar e describir os trazos que determinan os límites oracionais para recoñecer a estrutura da oración composta.</p>	<p>11.1 Transforma e amplía oracións simples en oracións compostas, usando conectores e outros procedementos</p> <p>11.2 Recoñece a palabra nuclear así coma os elementos que se agrupan ao redor dela.</p> <p>11.3 Recoñece a equivalencia semántica e funcional entre as distintas clases de palabras</p> <p>11.4 Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso para mellorar a comprensión e a produción de textos</p>
<p>Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás</p>	<p>12.1 Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos e ás súas afeccións.</p>

<p>súas afeccións amosando interese pola lectura.</p>	<p>12.2 Valora as obras de lectura libre, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis chamaron a súa atención e o que a lectura lle achegou como experiencia persoal.</p>
<p>Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes (música, pintura, cine, etc...) como expresión do sentimento humano, analizando e relacionando obras literarias, musicais e arquitectónicas, e personaxes, temas, etc...de todas as épocas.</p> <p>Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.</p>	<p>13.1 Compara textos literarios e pezas dos medios de comunicación que respondan a un mesmo tópico, observando, analizando e explicando os puntos de vista segundo o medio, a época ou a cultura, e valorando e criticando o que le ou ve.</p> <p>13.2 Le en voz alta, modulando e adecuando a veoz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.</p>
<p>Comprender textos literarios representativos da literatura dende o século XIII ata os nosos días recoñecendo a intención do autor ou autora, relacionando o seu contido e a súa forma cos contextos socioculturais e literarios da época, identificando o tema, recoñecendo a evolución dalgúns tópicos e formas literarias, e expresando esa relación con xuízos persoais razoados.</p>	<p>14.1 Le e comprende unha selección de textos literarios, en versión orixinal ou adaptados, e representativos da literatura desde o século XIII aos nosos días, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria.</p> <p>14.2 Expresa a relación entre o contido da obra, a intención do autor ou autora e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoados</p>
<p>Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as</p>	<p>15.1 Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados</p>

<p>convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.</p> <p>Consultar e citar adecuadamente fontes de información variadas, para realizar un traballo educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo da literatura, adoptando un punto de vista crítico e persoal, e utilizando as tecnoloxías da información.</p>	<p>seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.</p> <p>15.2 Achega nos seus traballos escritos ou orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre as obras literarias estudadas, expresándose con rigor, claridade e coherencia.</p> <p>15.3 Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.</p> <p>.</p>
--	---

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballo do alumnado consistente na realización de exercicios, proxectos, aula virtual, elaboración de audios e vídeos, redaccións ...
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Envío e posterior corrección dos traballos realizados polo alumnado.
	<p>Criterios de cualificación :</p> <p>.Entrega e correcta realización das actividades:100% da nota final.</p>
CUALIFICACIÓN FINAL	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Media aritmética das notas da 1ª e 2ª Avaliación (despois de ser recuperadas de ser o caso) + ata 1 punto por entrega e correcta realización das actividades da 3ªAvaliación.
PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> • No caso de ser presencial: <ul style="list-style-type: none"> ○ Opción 1:Proba escrita: 100% Cualificación • No caso de non ser presencial: <ul style="list-style-type: none"> ○ Entrega de traballo/actividades: 100% Cualificación
ALUMNADO DE MATERIA PENDENTE	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Consideramos que o/a alumno/a ten a materia recuperada cando:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Teña entregado e realizado de xeito correcto, antes do 5 de xuño, parte do material de pendentes (75% que corresponde ás tres primeiras partes) proposto a principio de curso. <p>De non cumprir con este criterio terase en conta o seguinte:</p> <ol style="list-style-type: none"> 2. Teña aprobadas ou recuperadas as dúas primeiras avaliacións da materia de Lingua Castelá e Literatura no curso actual. <p>De non cumprir con este criterio terase en conta o seguinte:</p> <ol style="list-style-type: none"> 3. Entregar de xeito correcto durante a 3ª avaliación a lo menos o 70% do material do curso actual.
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>Tendo en conta as tres situacións anteriormente descritas:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. De cumprirse a primeira opción, a nota sería a correspondente á puntuación na corrección dos exercicios. 2. De cumprirse a segunda opción, a nota sería a correspondente á media entre as dúas primeiras avaliacións ou á da recuperación das mesmas.

	3. De cumprirse a terceira opción, a nota sería un 5.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: <ul style="list-style-type: none">• Envío e posterior corrección dos traballos escritos.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

ACTIVIDADES	ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN
	<p>Dirixidas ao alumnado con avaliacións e/ou materias de cursos anteriores suspensas, co fin de que poidan recuperalas.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Material individualizado para o alumnado que terá que entregar. • Actividades Aula virtual
	ACTIVIDADES DE REPASO
	<p>Dirixidas a consolidar aprendizaxes do 1º e 2º trimestre.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Fichas con actividades • Actividades do libro • Actividades Aula Virtual
	ACTIVIDADES DE REFORZO
	<p>Tarefas dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe .</p> <ul style="list-style-type: none"> • Actividades individualizadas: <ul style="list-style-type: none"> ○ Fichas con actividades ○ Actividades do libro ○ Actividades Aula Virtual
METODOLOXÍA	ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN
	<p>Son as que permiten continuar construíndo coñecementos e afondar neles para superar con facilidade os obxectivos propostos. Estas actividades pódense plantexar cun nivel superior de elaboración ou tamén solicitar que as realicen cun maior grado de autonomía.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballos de investigación. • Proxectos.
	ALUMNADO CON CONECTIVIDADE
	<ul style="list-style-type: none"> ○ Proposta de actividades semanalmente na Web do centro. ○ Correccións semanais na web do centro / corrección individual por correo electrónico. ○ Resolución de dúbidas: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Correo electrónico. ▪ Videoconferencia. ▪ Chamada telefónica.
	ALUMNADO SEN CONECTIVIDADE (

MATERIAIS E RECURSOS

- Libro de texto.
- Apuntamentos da clase.
- Enderezos web.
- Textos a descargar da web do centro.
- Recursos dixitais:
 - todo o alumnado dispón de ordenador.
 - Correo electrónico.
 - Web do centro.
 - Abalarmóbi
 - Webex
 - Aula Virtual

4. Información e publicidade

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none">• Abalarmóbil• Correo electrónico• Web do centro
PUBLICIDADE	<ul style="list-style-type: none">• Publicación obrigatoria na páxina web do centro.• Aviso de publicación por Abalarmóbil